

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DO DIA 30 DE XUÑO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

- D. Elisardo Montero Castro
- D. Rogelio Sueiro Castro
- D. Luís Rico Vereá
- D. Jesús Ángel Costoya Rúa
- D. José Luis Rivas Cruz
- D^a. Raquel Val Vázquez
- D^a. Ana Ledo Fernandez
- D^a. Sandra Sanchez Iñiguez
- D. Abelardo Seoane Vázquez
- D. Jose Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na sala de reunións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20 horas e 1 minuto do día trinta de xuño de dous mil dezaseis, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os concelleiros relacionados na marxe baixo a presidencia da alcaldesa Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola secretaria-interventora do Concello Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

De seguido o alcalde abre a sesión, na que se pasaron a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes a través de fotocopias repartidas xunto á convocatoria, as actas pendentes de aprobación que son 5: a sesión ordinaria celebrada o 28/04/2016 e as sesións extraordinarias celebradas o 16/05/2016, 20/05/2016, 31/05/2016 e o 03/06/2016.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa-presidenta se algún membro da corporación quere formular algunha observación ás mesmas.

Sínálase como defecto na acta de 28/04/2016 en votacións puntos 4 e 6 que onde pon grupo municipal do PP tiña que poñer 2 votos grupo municipal do BNG. Sométense a votación todas as actas, coa corrección indicada nesta de abril de 2016, e quedan todas aprobadas con 11 votos a favor de todo os concelleiros presentes por unanimidade .

A Secretaría fai constar que á concelleira, D^a Raquel Val Vázquez, fóronlle ingresados por erro 60 € por asistencia ó pleno de data 09/07/2015, ó que non asistiu, polo que se compensará a esta concelleira con asistencias pendentes de pago, polopago indebido realizado.

2.- PROPOSTA ALCALDÍA RECTIFICACIÓN ERRO NO PXOM BOIMORTO

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

<<PROPOSTA ALCALDÍA RECTIFICACIÓN ERRO NO PXOM DE BOIMORTO

Visto expediente para corrección de erro en documentación gráfica do PXOM de Boimorto, plano de ordenación do núcleo rural de Gárdoma, Igrexa parroquia de Boimil (Plano 3.4.3) no que

erroneamente, segundo informe dos servizos técnico urbanísticos municipais da empresa CEINSA redactora do Plan de data 5/4/2016, asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo urbanista da empresa redactora do PXOM de Boimorto, consta un camiño público que non existe como sistema local viario de titularidade pública, sendo un camiño de titularidade privada para acceso a vivenda.

Visto informe xurídico da secretaría de data 27/06/2016.

Propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- En aplicación do artigo 105.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aprobar a corrección de erro material no plano 3.4.3 do Plan xeral de ordenación municipal de Boimorto, tal e como se sinala no informe técnico da empresa redactora do PXOM que consta no expediente, desaparecendo a condición de sistema local viario de titularidade pública en relación ó camiño indicado de acceso a vivenda.

SEGUNDO .- Dar conta do presente acordo á Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia ós efectos oportunos .

Boimorto 27 de xuño de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez>>

Explica a Alcaldesa que non estamos ante un camiño público segundo informe de Ceinsa e que se intentará solucionar o problema, así como, rectificación de erro no Plan Xeral sen prexuízo das esixencias da Consellería que leven a ter que tramitar efectivamente unha modificación puntual.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP , tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e o voto a favor do membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- En aplicación do artigo 105.2 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aprobar a corrección de erro material no plano 3.4.3 do Plan xeral de ordenación municipal de Boimorto, tal e como se sinala no informe técnico da empresa redactora do PXOM que consta no expediente, desaparecendo a condición de sistema local viario de titularidade pública en relación a camiño indicado de acceso a vivenda.

SEGUNDO .- Dar conta do presente acordo á Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia ós efectos oportunos.

3.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

<<PROPOSICIÓN ALCALDÍA RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO

Vista a factura de José Melide Vázquez nº 17/2016, de data 20/06/2016, por importe de 6.300€ polos traballos realizados en outubro de 2015, servizo de tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños do Concello de Boimorto, zonas de Cardeiro, Brates e Arceo 0,15€ iva incluído; consta na Intervención Municipal compromisos de pago acordados en exercicios anteriores relativas á diversos gastos, cuxos xustificantes foron presentados ou conformados no ano en curso, resultando imposible a

súa imputación presupostaria ao exercicio de orixe, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos.

Solicítase pola Alcaldía a aprobación da urxencia deste punto para facer fronte a gastos de exercicios anteriores. (ACÉPTASE POR UNANIMIDADE DITA URXENCIA CON 11 VOTOS A FAVOR)

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de 27/06/2016 relativo á fiscalización desta factura obxecto de recoñecemento extraxudicial 2/2016.

Visto o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril que outorga competencia ó pleno municipal para o recoñecemento extraxudicial de créditos cando non exista dotación orzamentaria.

Considerando que pola teoría do enriquecemento inxusto ou sen causa mantida xurisprudencialmente, pola que un empresario executou unha prestación a favor da Administración ten que cobrar o prezo da prestación, aínda que non foran seguidos os procedementos legalmente establecidos, xa que, un defecto formal non pode implicar un prexuízo para o contratista e un enriquecemento sen causa para a Administración.

Visto o artigo 26.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo presente propoño que o Pleno municipal **ACORDE:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 14/04/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da factura de José Melide Vázquez nº 17/2016, de data 20/06/2016, por importe de 6.300€ polos traballos realizados en outubro de 2015, servizo de tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños do Concello de Boimorto, zonas de Cardeiro, Brates e Arceo 0,15€ iva incluído, relativa ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2016 autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo á partida municipal de 2016 136.22799.

En Boimorto, 27 de xuño de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez>>>

Expón a Alcaldesa que se trata de traballos realizados o ano anterior, xa que, o contrato que celebrou o anterior Alcalde menor para estes traballos non foi suficiente e decidiron rematar coas parroquias que quedaban.

Di que este ano contratouse a mesma empresa pero por prezo inferior para que non pase outra vez, apóianse estes traballos co tractor e desbrozadora do Concello .

O concelleiro do BNG, D. Xosé Luis Rivas, pide que se esixa ós contratistas a presentación en prazo das facturas.

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP , tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e o voto a favor do membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Levantar reparo da secretaría intervención de data 14/04/2016 en relación coas facturas indicadas nos considerandos deste acordo .

SEGUNDO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da factura de José Melide Vázquez nº 17/2016, de data 20/06/2016, por importe de 6.300€ polos traballos realizados en outubro de 2015, servizo de tratamentos silvícolas de xeito mecanizado en vías e camiños do Concello de Boimorto, zonas de Cardeiro, Brates e Arceo 0,15€ iva incluído, relativa ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 2/2016 autorizando, compromiso e recoñecendo obrigas con cargo á partida municipal de 2016 136.22799.

4.- PROPOSICIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN PROVISIONAL DELEGACIÓN COMPETENCIA NA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONS QUE SE OUTORGUEN SEN CONCORRENCIA COMPETITIVA

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

<<PROPOSICIÓN ALCALDÍA APROBACIÓN PROVISIONAL DELEGACIÓN DE COMPETENCIA NA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCION/S QUE SE OUTORGUEN SEN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ASÍ COMO, DA INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTES DE REINTEGRO E SANCIONADORES, DERIVADOS DOS INFORMES DE CONTROL FINANCEIRO QUE SE EMITAN E LIQUIDACIÓN RECADACIÓN DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO RESULTANTES.

Solicítase por Alcaldía a aceptación da urxencia deste punto sen ditaminar os efectos de tramitación inmediata de expedientes de subvencións no exercicio 2016, tendo en conta as consecuencias deste acordo. (POR UNANIMIDADE CON 11 VOTOS A FAVOR ACÉPTASE A URXENCIA DESTE PUNTO)

Visto que en todos os concellos son funcións públicas necesarias as de **a)** secretaría **b)** control, fiscalización interna da xestión económica- financeira- presupostaria, contabilidade, tesourería e recadación, correspondendo ao posto de secretaria as funcións do apartado a) e aos postos de intervención – tesourería as do apartado b).

Porén, nos concellos de menos de 5.000 habitantes, tal é o caso de Boimorto, só existe o posto de secretaría – intervención que forzosamente debe asumir as funcións que noutros casos están distribuídas entre os diferentes postos de habilitados nacionais, aínda que a responsabilidade e complicación do traballo é exactamente a mesma e o prazos de cumprimentos das diferentes funcións, tanto establecidas polas Leis coma polo Ministerio de Economía e Facenda tamén é o mesmo.

É imposible e incoherente a existencia de administracións públicas eficaces e eficientes en todas as materias sen persoal específico e cualificado e cun único secretario/a-interventor/a que, por obriga legal, deba coñecer de todo. E a mais abundancia, cando os concellos, independentemente do número de habitantes, teñen impostos por Lei a prestación de servizos dun altísimo nivel de dificultade que resulta imposible prestalos directamente .

Por isto, é totalmente necesario, alomenos, a colaboración da Deputación para a fiscalización nesta proposta sobre subvencións; para a fiscalización e mesmo para a emisión de informes económicos solicitados por secretaría – intervención. Por todo isto, e tendo en conta as bases para a prestación de servizos de control financeiro aos concellos de menos de 5.000 habitantes aprobado pola Deputación da Coruña en sesión ordinaria do 19/03/2015 e publicadas no BOP do 2 de xullo 2015, propono ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación provincial da Coruña as seguintes funcións:

a. O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas en concorrencia non competitiva .

b. A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados, dos informes do control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior; así como, a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito Público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP, durante un prazo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegación ao mesmo.

TERCEIRO.- Considerar este acordo definitivo, no caso de non presentarse alegacións contra o mesmo.

CUARTO.- Notificar, no seu momento o acordo definitivo á Deputación, mediante certificación.

En Boimorto, 27 de xuño de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez>>

Expón a Alcaldesa que os gastos no Festival de la Luz van a ser subvencionados, en parte vía convenio que pretende dar unha subvención nominativa á Asociación sen ánimo de lucro e ter o apoio da Deputación na fiscalización da xustificación desta subvención e incluso doutras que se den no exercicio.

O concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Xosé Luis Rivas, di que antes deste Convenio que presenten contas claras do ano pasado, limpas que existe a firme desconfianza de que se fai un Festival con fondos públicos sendo necesario que teña Boimorto unha contraprestación deses inicialmente 80.000€ logo 85.000, teñen que aclarar contas e saber claramente o que hai e o que se da á causa ou ONG cada ano. Di que non aparece o Concello na presentación do Festival como organizador ... Di que está a favor da fiscalización desta subvención.

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG_PSOE, D^a Ana Ledo que recorda que o seu grupo está a favor do Festival pero coa participación do Concello que actualmente non forma parte da asociación que o xestiona, nin ten en conta a necesaria participación dos veciños no Festival, incluso delegando competencias na Deputación para escaquear responsabilidades .

O concelleiro do PP, D. Luis Rico di que comparte o dito por D. Xosé Luis Rivas .

O membro non adscrito, D. José Balado di que el non apoiou o gasto de 120.000€ no Festival en edicións anteriores que non hai contía certa en cada ano de canto se vai dar ou deu ó Festival, 120.000€, logo 170.000€ e agora 80.000€.

O concelleiro do grupo municipal do BNG., Xosé Luis Rivas di que hai que mirar en que se gastan os 80.000€ e pregunta pola xestión do parking e do churrasco ó que a Alcaldesa di que o parking e o churrasco será organizado por eles, con voluntarios, non polo Concello.

A concelleira D^a Ana Ledo di que no Festival hai que aportar ideas tamén .

O concelleiro do PP, D. Luis Rico di que de momento xa se van gastar 105.000€ menos que o ano anterior.

Sen máis intervencións, por maioría absoluta con 8 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP , dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e o voto a favor do membro non adscrito o Pleno municipal e con tres abstencións dos tres concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación provincial da Coruña as seguintes funcións:

a. O exercicio das funcións de control financeiro sobre as subvencións pagadas en concorrencia non competitiva .

b. A instrución e resolución dos expedientes de reintegro e sancionadores derivados, dos informes do control financeiro que se emitan en virtude da delegación anterior; así como, a liquidación e recadación, tanto en período voluntario coma en executivo, dos ingresos de Dereito Público resultantes. Para este efecto, resultarán tamén de aplicación a esta delegación as bases para a prestación de servizos tributarios aos concellos da provincia.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP, durante un prazo de 30 días hábiles para o coñecemento dos interesados e para a presentación, no seu caso, de alegación ao mesmo.

TERCEIRO.- Considerar este acordo definitivo, no caso de non presentarse alegacións contra o mesmo.

CUARTO.- Notificar, no seu momento o acordo definitivo á Deputación, mediante certificación.

5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DOUS DÍAS DE FESTA DE CÁRACTER RETRIBUÍDO NON RECUPERABLE PARA O ANO 2017

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

PROPOSTA ALCALDÍA DE DOUS DÍAS DE FESTA DE CARÁCTER RETRIBUÍDO NON RECUPERABLE PARA O ANO 2017

Visto o escrito remitido da Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, con entrada neste Concello nº 1467, en data 23/06/2016 polo que se solicita que antes do día 30/09/2015 deberá remitirse por este Concello as datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2016.

Propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2017:

.- Martes de carnaval do ano 2017.

e

.- o luns de Rosario, 4 de setembro de 2017

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2016 á Xunta de Galicia Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

En Boimorto, 27 de xuño de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- Mª Jesús Novo Gómez>>

Sen máis intervencións, por unanimidade con 11 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE, dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e o voto a favor do membro non adscrito o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Declarar como datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable no ámbito deste termo municipal para o ano 2017:

.- Martes de carnaval do ano 2017.

e

.- o luns de Rosario, 4 de setembro de 2017

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa comunicada antes do vindeiro 30/09/2016 á Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar, Xefatura Territorial da Coruña.

6.- PROPOSTA MODIFICACIÓN REGULAMENTO RESIDENCIA

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO RESIDENCIA

Vista a necesidade de facer axustes por razóns económicas, e de organización no funcionamento do centro Residencia e Centro de día de Boimorto.

Tendo en conta os resultados negativos do funcionamento deste servizo na anualidade 2015 e que se pode prescindir do servizo de acompañamento, regulado no artigo 17 do Regulamento de funcionamento da Residencia para persoas maiores do Concello de Boimorto, xa que dito servizo cuxo custe con transporte e persoal como servizo complementario indicado no ANEXO III deste Regulamento ascende a 10€ por acompañamento e se hai uso de transporte municipal 20€.

Pola presente propono que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 17 do Regulamento de funcionamento da Residencia para persoas maiores do Concello de Boimorto que quedaría redactado como segue.

Sobre o servizo médico sanitario.

No caso de necesitar internamento dun usuario, a criterio do persoal facultativo correspondente, procederase a avisar á familia para que xestione o ingreso no Centro Hospitalario que corresponda, autorizando a familia á Dirección do Centro a dar orde, en caso urxente, de traslado inmediato en ambulancia directa o centro hospitalario no que se persoará familia ou persoa representante ou designada polo/a usuario/a (comunicada á Dirección) para encargarse do mesmo sendo responsables estes do acompañamento e xestións pertinentes .

Cando non sexa posible dar unha resposta axeitada á doenza do residente, este será trasladado ó centro hospitalario que corresponda. Para o seu traslado será acompañado por algún familiar e no seu defecto por persoa que o/a usuario/a e ou familia designe, non estando previstos acompañamentos con persoal do centro.

Se o usuario quedara ingresado nun centro hospitalario, será a familia a encargada da súa atención.

No caso de consultas programadas fóra do termo municipal un familiar ou persoa que o usuario desexe, previa comunicación ó centro, será quen o acompañe. Mantense de forma gratuíta as xestións e consultas no centro médico sito no termo municipal a realizar se o solicita a familia e /ou usuario/a con acompañamento de persoal do centro.

Na Residencia non se pode expedir nin modificar receta algunha polo que serán xestionadas dende a residencia en colaboración co Servizo Galego de Saúde, sempre que a familia non o queira facer directamente ou así o desexe.

O centro non administrará medicación nin modificará a súa posoloxía sen a debida pauta médica. A estes efectos deberase comunicar documentalmente á Residencia tanto a medicación nova como os cambios na súa administración.

Garantírase que todos os usuarios reciban polo Servizo Galego de Saúde, a atención médica e os cuidados sociosanitarios que precisen, que serán dispensados por profesionais debidamente cualificados.

Existirá botiquín debidamente dotado e tutelado por persoa responsable.

A Dirección do centro poderá adoptar as decisións de carácter urxente por motivos de saúde, dando conta posteriormente ós familiares, no seu caso, e sendo obrigatorio o seu cumprimento en tanto concurran as causas que as fixeron aconsellables.

A administración de medicamentos realizarase baixo prescripción facultativa, non podendo baixo ningún concepto o usuario alterar as instrucións do médico en canto a medicamentos ou alimentación.

Eliminar con modificación no Anexo III, no apartado outros servizos complementarios : o parágrafo “ por acompañamento á visita médica con persoal do centro 10€ . Se hai uso de transporte municipal 20€”.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo, de seguido, á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En Boimorto, 27 de xuño de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez>>

A Alcaldesa di que é necesario este cambio, non pode ter unha traballadora en Santiago todo o día , que deixa de facer o transporte do centro de día creándose problemas na organización do persoal polo que opta pola solución de deixar o acompañamento a citas médicas. Que se faga por empresas privadas ou polas propias familias mantendo só o acompañamento ó centro de saúde do termo municipal de Boimorto. Sinala que algunha familia xa se encargaba de ditos acompañamentos pero outras non, e non pode repercutir o gasto dese servizo entre todas non e xusto.

O concelleiro do BNG, D. Xosé Luis Rivas di que son recortes que tardaron en facelos pero xa empezan que xa lles dixo a solución ós problemas da Residencia .

A Alcaldesa di que a solución está na ampliación.

O concelleiro D. Xosé Luis Rivas dille que ten que implicar a todos, pillar o toro polos cornos

A Alcaldesa di que prefire suprimir este servizo e non quedar sen unha auxiliar, o concelleiro D. Xosé Luis Rivas pídelles racionalidade nos servizos e admisión de usuarios por 600€ .

A Alcaldesa sinala que en Touro un válido xa paga 1.100€.

O concelleiro do BNG., D. Xosé Luis Rivas expón que unha institución pública tutela a residencia e non é unha residencia para sectores privilexiados que este tema é o único no que está o seu grupo municipal disposto a colaborar .

A concelleira do PsdG-PSOE., D^a Ana Ledo di que antes de anular un servizo hai que analizar claramente o que pasa, as perdas veñen de substitucións de enfermería, cobertura de baixas de persoal etc... Acudindo a empresas externas para dar cobertura a ditas baixas, sen plantexar como solución, xa, o incremento de tarifas por exemplo.

A Alcaldesa di que prefire sacar acompañamento hospitalario e non incrementar tarifas.

A concelleira Ana Ledo dille que no proxecto inicial tratábase de ofertar máis servizos.

Esta Secretaría aclara os termos da modificación.

Sen máis intervencións, por maioría absoluta con 6 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP e un do concelleiro membro non adscrito e cos votos en contra (5) que son 3 do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos concelleiros do grupo municipal do BNG e o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 17 do Regulamento de funcionamento da Residencia para persoas maiores do Concello de Boimorto que quedaría redactado como segue.

Sobre o servizo médico sanitario.

No caso de necesitar internamento dun usuario, a criterio do persoal facultativo correspondente, procederáse a avisar á familia para que xestione o ingreso no Centro Hospitalario que corresponda, autorizando a familia á Dirección do Centro a dar orde, en caso urxente, de traslado inmediato en ambulancia directa ó centro hospitalario no que se persoará familia ou persoa representante ou designada polo/a usuario/a (comunicada á Dirección) para encargarse do mesmo, sendo responsables estes do acompañamento e xestións pertinentes.

Cando non sexa posible dar unha resposta axeitada á doenza do residente, este será trasladado ó centro hospitalario que corresponda. Para o seu traslado será acompañado por algún familiar e no seu defecto por persoa que o/a usuario/a e ou familia designe, non estando previstos acompañamentos con persoal do centro.

Se o usuario quedara ingresado nun centro hospitalario, será a familia a encargada da súa atención.

No caso de consultas programadas fóra do termo municipal un familiar ou persoa que o usuario desexe, previa comunicación ó centro será quen o acompañe. Mantense de forma gratuíta as xestións e consultas no centro médico sito no termo municipal a realizar se o solicita a familia e /ou usuario/a con acompañamento de persoal do centro.

Na Residencia non se pode expedir nin modificar receta algunha polo que serán xestionadas dende a residencia en colaboración co Servizo Galego de Saúde, sempre que a familia non o queira facer directamente, ou así o desexe.

O centro non administrará medicación nin modificará a súa posoloxía sen a debida pauta médica. A estes efectos deberase comunicar documentalmente á Residencia tanto a medicación nova como os cambios na súa administración.

Garantirase que todos os usuarios reciban polo Servizo Galego de Saúde, a atención médica e os coidados sociosanitarios que precisen, que serán dispensados por profesionais debidamente cualificados.

Existirá botiquín debidamente dotado e tutelado por persoa responsable.

A Dirección do centro poderá adoptar as decisión de carácter urxente por motivos de saúde, dando conta posteriormente ós familiares, no seu caso, e sendo obrigatorio o seu cumprimento en tanto concurran as causas que as fixeron aconsellables.

A administración de medicamentos realizarase baixo prescripción facultativa, non podendo baixo ningún concepto, o usuario alterar as instrucións do médico en canto a medicamentos ou alimentación.

Eliminar con modificación no Anexo III, no apartado outros servizos complementarios : o parágrafo “ por acompañamento á visita médica con persoal do centro 10€ . Se hai uso de transporte municipal 20€”.

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días

hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase á súa resolución, previos os informes oportunos, polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, a aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

7.- PROPOSTA MODIFICACIÓN REGULAMENTO PAI

Pola secretaria dáse lectura á proposta da Alcaldía relacionada con este punto da orde do día:

PROPOSTA MODIFICACIÓN REGULAMENTO PAI

Visto o requerimento de deficiencias no PSI emitido polos servizos de inspección da Xunta de Galicia, escrito con entrada no Concello nº 1009 en data 24/05/2016 no que se solicita en canto a documentación que a presentación do cadro de vacinas teña carácter voluntario.

Pola presente propoño que o Pleno municipal adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 15 da ordenanza nº 16 Regulamento de organización e funcionamento do PAI para que se reflexe “ carné de vacinacións actualizado ou das páxinas na libreta sanitaria infantil onde haxa anotacións “ (a presentación desta documentación terá carácter voluntario)

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente procederase á súa resolución, previos os informes oportunos polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente, de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

En Boimorto, 27 de xuño de 2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez>>

A Alcaldesa, D^a M^a Jesús Novo dálle a palabra ó concelleiro do BNG., D. Xosé Luis Rivas que di que este tema da protección de datos quita ó profesional que traballa con nenos datos necesarios, sendo absurdo que este dato de vacinacións sexa voluntaria, polo que se opón a estas estupideces.

A concelleira do BNG D^a Raquel Val Vázquez sinala que dita protección non ten en conta o segredo profesional.

Sen máis intervencións, por maioría absoluta con 9 votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do concelleiro membro non adscrito e tres dos concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE e cos votos en contra dos dous concelleiros do grupo municipal do BNG., o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Modificar o artigo 15 da ordenanza nº 16 Regulamento de organización e funcionamento do PAI para que se reflexe “ carné de vacinacións actualizado ou das páxinas na libreta sanitaria infantil onde haxa anotacións” (a presentación desta documentación terá carácter voluntario)

SEGUNDO.- Continuar a tramitación do expediente, remitindo Edicto ó Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, se proceda á información pública e audiencia ós interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comenzarán a contarse a partir do seguinte ó da devandita publicación, inseríndose copia do Edicto no taboleiro de anuncios deste concello.

TERCEIRO.- No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente procederase á súa resolución, previos os informes oportunos polo Pleno Corporativo, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que o mesmo queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

8.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETO LIQUIDACIÓN 2015

Pola Secretaria dáse conta do decreto de aprobación da liquidación do orzamento municipal de 2014 que se reproduce literalmente:

Decreto: 141 / 2016 **Data decreto:** 02/05/2016 **Descrición decreto:** Aprobación liquidación orzamento 2015.

DON GONZALO CONCHEIRO COELLO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

De conformidade coas atribucións conferidas a esta Alcaldía pola lexislación vixente artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, en aplicación dos artigos 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo e artigo 90 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril de desenvolvemento da Lei reguladora das facendas locais e demais normativa.

Visto o expediente de liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2015 no que consta informe de secretaria intervención de data 02/05/2016 en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado por RDLex 2/2004 de 5 de marzo

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal do exercicio 2015

ORZAMENTO CORRENTE INGRESOS:

CAPÍTULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	DEREITOS RECOÑ. NETOS	RECADACIÓN LIQ. NETA	TOTAL LIQ. ANULADAS/DEVOLUCIÓN INGRESOS	PDTE. DE COBRO A 31/12
I	351.117,74	0,00	351.117,74	305.669,30	305.669,30	11.098,49	0,00
II	10.000,00	0,00	10.000,00	-6.382,07	-9.490,52	13.697,42	3.108,45
III	680.605,00	0,00	680.605,00	663.038,56	657.279,10	263,28	5.759,46
IV	914.393,35	111.767,26	1.026.160,61	975.847,29	875.566,65	18.308,99	100.280,64
V	500,00	0,00	500,00	177,64	177,64	0,00	0,00
VII	491.758,46	213.044,27	704.802,73	494.601,58	455.886,46	0,00	38.715,12
VIII	0,00	72.280,25	72.280,25	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	2.448.374,55	397.091,78	2.845.466,33	2.432.952,30	2.285.088,63	43.368,18	147.863,67

GASTOS:

CAPÍTULO	ORZAMENTO INICIAL	MODIF.	ORZAMENTO DEFINITIVO	GASTOS COMPROMETIDOS	OBRIGAS RECOÑ. NETAS	PAGOS LIQ. REALIZADOS	OBRIGAS PDTE. PAGO A 31/12
I	1.153.699,60	56.473,71	1.210.173,31	1.187.868,86	1.187.868,86	1.163.215,96	24.652,90
II	713.333,36	96.486,05	809.819,41	789.202,95	789.026,39	778.891,88	10.134,51
III	4.000,00	0,00	4.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IV	15.000,00	13.788,75	28.788,75	16.175,59	16.175,59	9.073,38	7.102,21
VI	562.341,59	230.343,27	792.684,86	613.692,41	579.182,19	579.182,19	0,00
Total	2.448.374,55	397.091,78	2.845.466,33	2.606.939,81	2.572.253,03	2.530.363,41	41.889,62

Capítulos	Remanentes comprometidos	Remanentes non comprometidos
1	0	22.553,15
2	176,56	20.367,76
3	0,00	4.000,00
4	0,00	12.613,16
6	34.510,22	178.992,45
Total	34.686,78	238.526,52

ORZAMENTOS PECHADOS

INGRESOS:

111

	DEREITOS PENDENTES DE COBRO 31/12/2015
TOTAIS	97.383,67

GASTOS:

	OBRIGAS PENDENTES DE PAGO 31/12/2015
TOTAIS	55,89

RESULTADO ORZAMENTARIO

1. Dereitos recoñecidos netos 2.432.952,30
2. Obrigas recoñecidas netas 2.572.253,03

- 3. Resultado orzamentario (1-2) -139.300,73
- 4. Gastos financiados con remanente líquido de tesourería 47.924,80
- 5. Desviacións negativas de financiación 14.497,12
- 6. Desviacións positivas de financiación 11.417,19

7. Resultado Orzamentario axustado (3+4+5-6) -88.296,00

REMANENTE DE TESOURERIA

1.- (+)Fondos líquidos Tesourería a fin de exercicio 8.315,25

2.-(+ Dereitos pendentes de cobro a fin de exercicio 249.544,99

- 1a) Do Orzamento de ingresos corrente 147.863,67
- 1b) Do Orzamento de ingresos pechados 97.383,67
- 1d) De operacións non orzamentarias 4.297,65
- (-) Ingresos realizados pendentes de aplicación 0,00

3.- (-) Acredores pendentes de pago a fin de exercicio 121.547,01

- 2a) Do Orzamento de pagos corrente 41.889,62
- 2b) Do Orzamento de pagos pechados 55,89
- 2c) De operacións non orzamentarias 79.601,50
- (+) Pagos realizados pendientes de aplicación 0,00

I.-Remanente de Tesourería Total = 1+2-3= 136.313,23

II.- (-) Saldos de dubidoso cobro= 39.654,27

III.- Remanente de tesourería para gastos con financiación afectada= **11.417,19**

IV.- Remanente de tesourería para gastos xerais= **85.241,77**

SEGUNDO.- Da liquidación do orzamento 2015 darase conta ó Pleno municipal na primeira sesión que celebre.

TERCEIRO.- Da Liquidación do orzamento remítase copia á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Gonzalo Concheiro Coello en Boimorto a dous de maio de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

O Alcalde - Presidente

Perante min, a secretaria

Asdo.- Gonzalo Concheiro Coello

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

Sen intervencións a Alcaldesa pasa o seguinte punto da orde do día.

9.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas entre os días; 27/04/2016 a 27/06/2016, número 134 a 227.

Pregunta a Alcaldía en aplicación do artigo 91.4 do ROF RD 2568/1986 de 28 de novembro se algún grupo político desexa someter a consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañou á convocatoria e que non teñan cabida no punto de rogos e preguntas.

Expón a Alcaldesa que o seu grupo ten unha moción sobre modificación contrato normalizadora lingüística:

MOCIÓN URXENTE ALCALDÍA PLENO 30/06/2016 COMPLEMENTO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Solícitase a aceptación de urxencia para cumprimento do acordo en relación a subida salarial da normalizadora aprobado no pleno extraordinario de data 3/6/2016.

(Por unanimidade con 11 votos a favor acéptase a urxencia desta moción).

Visto o acordo do Pleno municipal en sesión extraordinaria de data 3/6/2016 no que se aproba o aumento salarial proposto para normalizadora lingüística, considerando que dito aumento salarial conleva parte do correspondente na valoración inicial do posto en RPT, non prexudica o Concello por estar subvencionado e responde a maior carga laboral validando a memoria de maiores obxectivos que consta no expediente.

Visto informe da Secretaria interventora acumulada, D^a Carmen Gómez Otero, de data 31/03/2016 en relación á necesidade de aprobación polo pleno de Convenio de servizos de normalización lingüística a prestar xunto cos concellos de Sobrado e de Arzúa; así como, en relación ó punto sétimo do Convenio sobre modificación puntual do contrato da traballadora D^a Sylvia Cea Vázquez para incremento de salario con dúas pagas extraordinarias, aparte das que tiña prorrateadas, considerando unha excepción ós límites de incrementos salariais fixados na Lei de orzamentos xerais do Estado para o 2016 no artigo 19.7; por considerar que a prestación do servizo, agora tamén en Arzúa, podería entrar na excepción de “ grao de consecución de obxectivos” e informa da necesidade de memoria xustificativa dos obxectivos a cumprir que amose que son maiores que os que se viñan cumprindo (o informe ten acompañado dita memoria da que se deu conta na Xunta de goberno local de marzo de 2016 e foi aprobada en dita Xunta de goberno).

Visto informe da Secretaria interventora titular, D^a Rebeca Vázquez Vázquez, de data 27/05/2016 no que se informa desfavorablemente dita subida salarial con fundamento na normativa e xurisprudencia neste informe sinalada e se considera nula de pleno dereito.

Visto informe dos servizos de asistencia xurídica da Excm^a Deputación Provincial confirmando o sinalado polo informe da secretaria interventora titular.

Informando a secretaria interventora en relación ó devengo de pagas extraordinarias neste Concello dende o decembro de 2015 a maio de 2016 de que non foi realizada cotización de extra para xuño a maiores da xa prorrateada nas súas nóminas por importe de 933,50, e que ademais o acordo plenario data de 3/6/2016 partindo de adecuación retributiva dende dita data non dá efectos retroactivos xa que non tivo cotización como paga extraordinaria. Advertindo da ilegalidade de subidas salariais sen valoración de postos e funcións, así como, subidas salariais por outros conceptos sen obxectivación da súa cuantía .

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente propono que o Pleno municipal
ACORDE:

PRIMEIRO.- Retribuir 1090,90€ en concepto de complemento produtividade no traballo por aumento circunstancial do seu traballo nestes meses por prestar servizos no Concello de Arzúa,

complemento que se pagará coa nómina do mes de xullo e non terá máis que este único devengo .

SEGUNDO.- Manter o acordo do pleno de 3/6/2016 no relativo o cobro de pagas extraordinarias aparte non prorrateadas a cotizar dende 1/6/2016 , polo que esta traballadora terá paga extraordinaria aparte da nómina a partir do mes de decembro de 2016.

TERCEIRO.- Notificar este acordo á traballadora modificando o seu contrato así como o comité de empresa e os servizos administrativos contables os efectos oportunos.

Boimorto 30/06/2016

A Alcaldesa:

Asdo.- M^a Jesús Novo Gómez”

Expón a Alcaldesa que hai subvención para gastos persoal normalizadora da Deputación e Xunta e preténdese o pago de dúas extraordinarias a maiores do salario que tiña o que se acordou xa polo pleno pero como a extraordinaria de xuño non tivo cotización na seguridade social mensual dende decembro de 2015 plantéxase o pago desta contía desta forma.

Sen máis intervencións con oito votos a favor, cinco dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito e dous votos a favor dos concelleiros do grupo municipal do BNG e con tres abstencións dos tres concelleiros do grupo municipal do PsdG-PSOE o Pleno municipal **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Retribuir 1090,90€ en concepto de complemento produtividade no traballo por aumento circunstancial do seu traballo nestes meses por prestar servizos no Concello de Arzúa complemento que se pagará coa nómina do mes de xullo e non terá máis que este único devengo.

SEGUNDO.- Manter o acordo do pleno de 3/6/2016 no relativo o cobro de pagas extraordinarias aparte non prorrateadas a cotizar dende 1/6/2016, polo que esta traballadora terá paga extraordinaria aparte da nómina a partir do mes de decembro de 2016.

TERCEIRO.- Notificar este acordo á traballadora modificando o seu contrato; así como, o comité de empresa e os servizos administrativos contables os efectos oportunos.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Pola Alcaldía apertúrase este punto da orde do día e permítese a intervención do concelleiro D. Xosé Luis Rivas que expón que aínda que este entende é un ano especial roga que se tome en consideración o perigo nos cruces por falta de desbroces sobre todo na Mota e outros , que hai que limpar a vila pero a seguridade vial é importante e urxente .

Continúa este concelleiro preguntando se van celebrar a comida dos vellos e rogando que se faga ordenanza reguladora de lodos, depuradoras e fertilizantes.

Roga tamén a armonización de dúas mocións aprobadas, pregunta a continuación o por qué de perder a subvención do 4*4 sinalando que se hai cartos para a comida dos vellos, tamén deberían terse para outras cousas como fisioterapia, podoloxía; agora con taxa .

Continúa este concelleiro sinalando que xa se ditou sentenza que desestima o recurso contra a moción de censura tramitada no Concello, criticando o mal facer das leis polos xuristas que permiten esta interpretación literal para non mollarse, levanto a desintegración do sistema democrático español. Sinala que dixo Franco que quedaba todo atado, ben atado e; así foi, continúa criticando ó Partido Popular.

A Alcaldesa dálle a palabra a D^a Ana Ledo concelleira do PsdG-PSOE que pregunta como é posíbel que se sepa con antelación a subida da subvención da normalizadora e non a das subvencións de animadores deportivo e cultural , roga que se incremente tamén a estes outros. Pregunta como van a entregar comidas a domicilio suprimido o servizo de acompañamento e, polo tanto, persoa que o faría .

A concelleira do BNG., D^a Raquel Val, pregunta en relación a subvención outorgada pola Deputación de 2.232€ para actividades promoción turística, á que se renuncia, pregunta o por qué de dita renuncia. Continúa rogando que se mire por beirarrúas na Gándara e en relación ós gastos en Magreco 17.000€ e ingresos 770€ , roga que non se gasten 2.200€ en comidas se imaxina para quen, sen facer máis ingresos.

O concelleiro do BNG., D. Xosé Luis Rivas roga se mire o expediente de nomeamento de xuíz de paz, xa que se designa para o cargo persoa que non é de Boimorto entendendo que deberían ser de Boimorto.

A concelleira do PsdG-PSOE., D^a Sandra Sánchez Iníguez roga que se faga desbroce nas cunetas, que se mire pola fonte da Gándara e beirarrúa da piscina .

A concelleira do PsdG-PSOE., D^a Ana Ledo pregunta como están as axudas á natalidade, se se pagaron e a Alcaldesa sinala que si que foi comprobado en contabilidade xa que na rúa comentáronlle que non o comprobou.

A Alcaldesa di que xa está en marcha o dos desbroces, o concelleiro do BNG., D. Xosé Luis Rivas rógalle que para os cruces mande, se é necesario, nunha mañá xente con desbrozadora para evitar problemas.

Sobre a comida dos maiores sinala a Alcaldesa que si, vaise celebrar.

O concelleiro do BNG., D. Xosé Luis Rivas critica a celebración desta comida dicindo que el está a favor das festas pero o máis importante son os servizos básicos non os atracóns que se quere pulpo pois que se paguen 5, 6 ou 7€ .

A Alcaldesa dille que se fai en Concellos que non son do Partido Popular .

En relación á perda das subvención para o 4*4 sinala a Alcaldesa que por non presentar oferta dúas das empresas as que lle foi solicitada perdeuse subvención.

O concelleiro do BNG., D. Xosé Luis Rivas di que non vai ser a única e xa se perderon vinte e tantos mil euros.

A Alcaldesa dille que o asume como erro seu cando non o é e en relación cos servizos de fisioterapia e podoloxía gratuítos que se pode incorrer en competencia desleal.

D. Xosé Luis Rivas replica que case tódolos servizos son competencia desleal, créanse necesidades que hai que atender e que hai que defendelo politicamente .

En relación a incrementos salariais por aumento de subvencións en animador deportivo e animadora cultural que se determinará por intervención que concepto de retribución encaixa para ditos pagos.

Intervén esta Secretaría Intervención para sinalar que o aumento de subvencións non xustifica aumentos salariais e que en ningún caso estas subvencións superan nin dan cobertura a tódolos custes salariais destes traballadores.

Sobre o reparto de comidas a domicilio di a Alcaldesa que fará xunto con transporte centro de día en colectores isotérmicos .

A Alcaldesa di que xa está mirado o tema de subvención cultura deputación, que intentará traer ordenanza de lodos e o tema do IBI e mocións aprobadas en relación con este no próximo pleno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde remata a sesión, sendo as 21:05 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa presidenta e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez